Á beira de Beiras

ENSAIOS E APUNTAMENTOS

Salomé Álvarez Blanco | Xosé María Álvarez Cáccamo | Alfonso Álvarez Gándara | Luís Álvarez Pousa
Aureli Argemí | Xosé Ramón Barreiro Fernández | Xosé Luís Barreiro Rivas | Justo Beramendi
Fermín Bouza | Xosé Ramón Fandiño Veiga | Miguel Anxo Fernán Vello | Francisco Fernández Rei
Eduardo Galeano | Manuel Gallego Jorreto | María Pilar García Negro | Fernando González Laxe
Margarita Ledo Andión | Xoán López Facal | Abel López Rodríguez | Ramón Máiz | Carlos Mella
X. L. Méndez Ferrín | Teresa Moure | Camilo Nogueira | Martiño Noriega | Mario Orjales Pita
César Portela | Xulio Ríos | Enrique Sáez Ponte | Manuel Santos | Carlos Taibo | Xavier Vence
| Ramón Villares

Edición

Valentín Arias | Manuel Caamaño | Víctor F. Freixanes

EDITORIAL GALAXIA

Coordinación editorial
Xosé Manuel Soutullo

Maquetación
Hayat Husein

© dos textos os autores, 2011

© Editorial Galaxia, 2011
Avda. de Madrid, 44 - baixo
36204 - Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-408-0
Depósito legal VG 946-2011

Impreso en
Obradoiro Gráfico

poida nacer. Reconstruír un novo código cultural e simbólico que teña correspondencia coa supresión das fronteiras e coa tradición de *continuum* territorial que caracteriza as dúas rexións miñotas será una tarefa nada doada dos vindeiros anos. Porque os muros que hai que derrubar non son os físicos, senón os simbólicos e culturais, lograr ese obxectivo esixe aínda maior esforzo.

Pero para que haxa un parto deste estilo, como sabían ben os nosos devanceiros liberais ou republicanos e devotamente nacionalistas, é precisa unha idea forte, unha sorte de código compartido de valores e crenzas, de actitudes e proxectos de futuro. Os ingredientes necesarios para construír esa nova identidade non poden ser, así e todo, os mesmos que fundaron o "hipernacionalismo" anterior. Non se pode recorrer a métodos coercitivos (sexa a escola, sexa a administración ou o exército, sexa a propia imaxe física da fronteira e da identidade excluínte) para fundar esa nova cohesión comunitaria. Existen unha lingua e unha cultura común que poden axudar, pero que non son suficientes. Cómpre desmontar as pezas colocadas pola construción nacional anterior e crear unha nova identidade que non sexa excluínte senón complementaria, que permita ser global sen abandonar as raíces. Dito de forma máis axeitada ao léxico actual: cumprirá camiñar polos vieiros do posnacionalismo e da "sociedade líquida" para fundar algo novo que non padeza as eivas que se denuncian como debedoras dunha forte tradición nacionalizadora e de identidades excluíntes. Que sexa posible acadar esta meta non me é dado sabelo a día de hoxe, pero que sexa unha utopía non significa que non se deba propoñer este reto. Porque nada existe que non teña sido previamente pensado, nin a realidade é máis do que unha utopía vida a menos ▮

Peza de aprendizaxe

Comunicación, cidadanía, lusofonía

Margarita Ledo Andión

Algunhas persoas, cando ven unha palabra, pensan que o primeiro que hai que facer é definila. Elabóranse dicionarios e, cunha autoridade non menos firme a pesar de ser limitada no espazo e no tempo, engádese o que se coñece coma o significado apropiado. Pero mentres é posible facer isto, dun xeito máis ou menos satisfactorio, con algúns nomes simples de cousas e impresións, isto non é só imposible senón tamén irrelevante no caso de ideas máis complicadas. O que importa nestas últimas non é o significado apropiado, senón a historia e a complexidade de significados: os cambios conscientes ou os usos conscientemente diferentes.

Raymond Williams, "Ideas de natureza",
en *A Trabe de Ouro* 80, 2009

Aló, cando no ano 1973, no meu papel de xornalista recén egresada da Escola de Barcelona, entrevistei para a revista *Cambio16* un profesor "pexego", aquela peza funcionou, por unha banda, como un signo de distinción do programa amplo que se andaba a pactar entre a UPG e o PSG, como unha icona —publícase con chamada en portada—, como unha referencia sobre o que na altura chamabamos "entrevista en profundidade" e que permitía incorporar documentos diversos e, no caso, como unha sinécdoque do individuo/nación, que ecoaba nun título simple: *Galicia y Beiras*. En seminarios adoito presentei a entrevista como unha "peza de aprendizaxe" brechtiana, que é a intención coa que, en diante,

expoño a miña posición a propósito do espazo lusófono como un artefacto en construción.

Botei man, como guieiro de lectura, das apreciacións dun mestre, Raymond Williams, a redor dese termo tan construído, Natureza, para observar nel, nas variacións da súa definición, unha calidade que se transforma nunha descrición do mundo. Boto man de usos conscientemente diferentes aos que ese outro termo, Lusofonía, convida para ir cara a novas entradas que non teñan necesariamente a súa orixe nos ecos dunha frustración. Boto man, xa que logo, da posibilidade de pensarmos a lusofonía non dende o contido eurocéntrico que adoito representa senón coma un lugar plural e multicéntrico; coma un novo suxeito histórico; coma un espazo-proxecto no que similares e diversas linguas poderán construír, polo re-coñecemento e a partilla de bens culturais, unha sorte de "comunidade imaxinada transnacional" onde a comunicación fose unha sorte de realizativo.

Falo de mudanzas na acción e tamén dun novo escenario, o que compoñen distintos países e comunidades ao redor do planeta —dende Galiza a Timor-Leste— en expresándose en linguas que pertencen ao mesmo sistema, linguas que máis ca un resultado son un peza chave cara ao desenvolvemento dun espazo-proxecto ou, en palabras de Eduardo Lourenço, "cara a un imaxinario de pluralidade e diferenza".

Desque nos oitenta Anderson volvera os ollos para as *Imagined Communities*, como resultado da partillar mensaxes e rituais, ninguén debería obviar o intercambio de produtos da cultura como un lugar onde as identidades colectivas poden ter lugar. A maior abondamento, de seguirmos o informe 2009 da Unesco, atopámonos cunha insistencia inusual na relación entre as políticas da diversidade como garante de dereitos lingüísticos e na chamada de atención a respecto de grandes transformacións que atinxen aos vellos territorios, cuxa primeira manifestación é a importancia do idioma. Canda as linguas defínense, pois, áreas xeo-lingüísticas que non son nin de inglés nin de francés, que existen se nelas se produce o intercambio de bens e de inicitativas de transformacións sociais que lle outorgan senso á esfera pública tamén a nivel internacional.

E talvez o primeiro que cómpre facer é procurar unha definición funcional para esta verba inacabada, Lusofonía, que vencelle a práctica do intercambio entre realidades diferentes coa reflexión e o desenvolvemento de certas modalidades de pensamento no seo da comunicación contemporánea, modalidades de pensamento que veñan se recoñecer en torno a algúns elementos tanxíbeis, o elo lingüístico, pero sobre todo que sirvan para construírmos este espazo-proxecto que resitúa as raigames como unha variante máis dentro dun escenario que non ten a súa causa no pasado histórico senón no devalo da mundialización e no lugar que se veña ocupar a respecto da posta en cuestión do Poder.

Convócanos, sabémolo, un espazo incerto e complexo e sobre moitas das notacións que arestora foron aparecendo teremos que volver. Mais nin a complexidade do espazo lusófono como lugar onde os aspectos simbólicos e socio-políticos non son comparábeis de país a país, nin a falla de condicións para botar man dun borroso imaxinario común, deberan impedir que esta inmensa cartografía poida vir activar novos modos de relación en confronto co dominio do planeta por parte dunha elite desterritorializada e desregulada que leva canda si a marca da catástrofe e, tamén, usufrutuar a tecnoloxía para o desenvolvemento dun novo suxeito histórico (no ronsel dos que propón Castells e que veremos deseguido), sobre o fío funambular da(s) lingua(s) como signo-fronteira.

Adiantamos, no texto, talvez ao que debera ser unha conclusión argumentada e facémolo para obrigarnos a termar da idea de igualdade, que malia adoito se aceptar formalmente, non acostuma aparecer reflectida no flebe mapa de relacións entre diferentes actores (e nacións) que lle dan corpo a este ideoloxema que subsumimos na verba Lusofonía.

Porque, dende o meu punto de vista, e para alén das múltiples lecturas que dende a comunicación poida ter o texto de Anderson, en que nos fai considerar a estrutura das novelas canda a dos xornais como formas provistas de técnicas para "re-presentar" a clase de comunidade imaxinada que é a nación (Anderson 1983: 25) lévanos, no presente, cara á produción de contidos con imaxe e son, obras para a rede e outros circuítos de acceso, consumo, recepción e apropiación. Porén, non deberamos esquecer que na memoria colectiva da Nación reside, así mesmo, a idea de soberanía popular —contra a monarquía que emanaba de Deus— e, sobremaneira porque a maxinamos comunal "because, regardless of the actual inequality and exploitation that may prevail in each, the nation is always conceived as a deep, horizontal comradeship" (Anderson 1983: 7).

Imos agora nomear algunhas fontes terminolóxicas e conceptuais dun binomio móbil que foi aparecendo e que nalgures presentamos como espazo-proxecto. Comezo polas contribucións que na estela dun Stuart Hall e da súa preocupación sobre as identidades en formación, vén elaborando de quince anos para acó o investigador catalán Rodrigo Alsina en torno da cuestión identitaria e da importantísima e produtiva crítica que en 1999 realiza, tamén da obra de Castell, o profesor e ex-conseller de Cultura da Generalitat de Catalunya Joan Manuel Tresserras. Interesa, así mesmo, a reformulación que dende o interior dos Cultural Studies, como escola seminal, se vén realizando a propósito das identidades en formación como sería o caso que nos ocupa (e como resposta ás estratexias de exclusión) e do papel que as migracións e as diásporas contemporáneas xogan na construción de novos paradigmas.

Discernir entre 'identidade dunha cultura', a cal faría referencia ás características de seu, e mais 'identidade cultural' en tanto "característiques que s'atribueix una persona o un col.lectiu per tal de sentir-se partícip d'una cultura determinada" é unha das tan útiles precisións conceptuais que Rodrigo Alsina (2000: 81) fai servir para ancorar a identidade como unha relación dialéctica dese 'eu' que non existe sen o 'outro'. Deste xeito, ao aproximarnos de Castells e da súa hipótese ao redor da nosa época como a da disolución das sociedades en tanto 'sistema social significativo' (1998: 394), o profesor Alsina permítese botar man da proposta que sobre os diferentes niveis de investigación da produción, transmisión e recepción de sentido elaboran Berger e Luckmann (1997: 122), para pararse nas "institucións intermedias" como aquelas que poderían estabelecer nexos entre as 'grandes institucións', as comunidades e mais os individuos.

Achegando o seu percurso ao noso obxecto, a Lusofonía ou, no concreto, para a Lusocom (a Federación de Asociacións de Comunicación de Angola, Brasil, Galiza, Guiné Bissau, Mozambique e Portugal) que representaría en acto unha destas 'institucións intermedias' chamada a dotar de senso esa dialéctica —e mesmo a posibilidade de resistencia na sociedade-rede— onde entra o eu (cada asociación, cada sociedade, cada suxeito histórico), o nós (o espazo lusófono como novo suxeito) e os outros. Sobrancea a idea que nos leva cara a ese nó, o da identidade-proxecto, ao redor da que se desenvolve, nomeadamente dende Catalunya, Euskadi e mais Galicia no caso español, un corpus de debate substantivo que entra en diálogo co Castells que precisamente apuña o título *El poder de l'identitat* no volume II da súa obra *La era de la informació* (1998: 89-90): "Les noves identitats-projecte probablemente no sorgeixen d'antigues identitats de la societat civil de l'era industrial, sinó del desenvolupament de les identitats de resitència actuals". E non está de máis lembrarmos que no espazo lusófono estarían representadas identidades antergas e outras contemporáneas co elo, precisamente, dunha identidade-proxecto que o é por ser un novo suxeito.

Así, ao abeiro desta década longa de pensamento identitario traemos á tona a lectura crítica que da influente contribución do investigador catalán afincado en Berkley realizou un outro autor, o profesor Tresserras, quen, para alén dun xiro na verba "imaxi-

nada", fai un traballo memorábel de esculca, "El capitalismo reestructurat: l'era de la informació segons Manuel Castells", onde recolle as achegas daquel á volta do feito nacional, neste caso catalán, que presenta como unha comunidade cultural organizada dende a partilla histórica, nun territorio e á volta dunha lingua, para concluír que "Catalunya no és pas una entitat imaginada, sinó un producte històric permanentement renovat" (1999: 155). Partindo da notación de sociedade-rede non como postindustrial senón, pola contra, como de intensificación industrial nucleada polo procesamento de información e a preeminencia do sector das industrias do coñecemento e da cultura, a cuestión da recomposición dos suxeitos históricos ou a constitución de novos suxeitos acada, segundo o investigador catalán, todo o seu valor e lévanos cara á cultura, a construción social de senso e os movementos sociais.

Neste ronsel situamos o devalo do espazo lusófono como parte dun novo modo de pertenza, alternacional, nucleada en torno á idea de cidadanía cultural, que nos permita traballar un marco de estudo para a esfera pública como un espazo —non melancólico— de igualdade, de igualdade do disimilar, un espazo híbrido, é dicir, plural, no que se fan visíbeis novos territorios e outros grupos comunais —diásporas e migracións—, que fan del un espazo real.

Se, como estamos vendo, unha das preocupacións da investigación contemporánea é a deconstrución dos conceptos únicos de identidade e de cultura nacional, é de lei citarmos os Cultural Studies, que viraron os ollos cara a nós mesmos, cara aos medios e á realidade que conforman e cara a novos obxectos culturais para alén doutros suxeitos invisibilizados (a clase obreira, por exemplo), e que dende fins dos oitenta, pasado o andazo posmoderno, presentan o dilema do papel público da investigación en que introducen de maneira sistemática a variable 'migracións' na constitución das culturas ditas nacionais. Eis un elemento de ruptura, a obra do antillano Paul Gilroy, "There Ain't No Black in the Union Jack" e a súa critica á exclusión dos outros na cultura británica, apropiándose da forza-consigna da polisémica e incontornábel definición de Anderson, ao dicir: os negros son representados na vida política e cultural contemporánea británica como exteriores e estranxeiros á comunidade imaxinada que é a nación (1987: 153) e que, no noso caso, nos aproximaría, por exemplo, aos galegos na cultura arxentina, tamén, por veces, considerados estranxeiros.

Ao estudar as culturas dende a diáspora, Gilroy lévanos do territorio como pertenza cultural até a cultura como resultado do encontro transnacional e intercultural, e atina cunha nova consigna, a da cultura que vai de 'roots' a 'routes', a da cultura como viaxe cara algures do que a *Voi Lactée* é unha proba vizosa e inmaterial de existencia en acto, coa engádega, ben cara para nós, de que "roots" e "route" son parte dun mesmo proceso, agora si intercultural e non de substitución, en que repensa as relacións culturais nun tempo de globalización e as cuestións da hibridación, o legado infinito e actualidade dun Stuart Hall continúa e poliniza un sen fin de lugares, temáticas, motivos e obxectos de discusión.

Estamos profundando nun eido que talvez precise sopesar a posición de alguén que relativiza até o extremo o papel das constantes, Tristan Mattelart, para quen as culturas e identidades contemporáneas están sometidas a unha permanente redefinición e que ao aprofundar no cruzamento entre Antropoloxía e Cultural Studies fíxase no papel da circulación das poboacións a carón das imaxes e dos sons, preparando a equipaxe dunha outra parte da viaxe, a que vai das "fronteiras estáticas" cara a fluxos transnacionais.

Facendo un excurso dende a cerna deste modo de pensamento para un escenario coma o lusófono, e cos ollos postos no papel da comunicación e da cultura, todo indica que este posible espazo altermundialista poderá ser un lugar tanto para o debate teórico como para a aplicación de propostas que transversalicen

a pesquisa, as políticas e as redes con movementos cidadáns e grupais. Pero, unha vez máis, a facilidade expositiva non se corresponde coa complexidade do real. Eis o campo a labrar.

E unha das notacións que, dende Galiza, non pode ficar fóra de campo ao falarmos en pertenzas transnacionais é a *diáspora*. Na súa definición académica, o termo aplícase, sobre todo, "à de peuples, avec ou sans État, dont les traditions séculaires, voire millénaires, de migration, n'ont pas affecté la permanence d'une conscience collective fondée sur l'entretien de la référence à une histoire, une terre ou une religión" (Dufoix 2003: 26, 43). Collendo como exemplo a análise do caso europeo e máis en concreto dos documentos do Consello de Europa "In front the Margins" (1997) e a "Declaration on cultural diversity" —un texto basilar para a posta en valor do intercambio cultural como condición para o desenvolvemento de novos produtos representativos da economía creativa—, para alén das razóns de mercado, é Kevin Robins quen observa unha crecente consciencia da dimensión cultural da cidadanía e da diversidade até influír, de modo decisivo, nun discurso novo sobre os 'dereitos culturais' e o recoñecemento da cultura na vida política. Así, este investigador aposta de maneira explícita por prestar atención á emerxencia do que denomina diversidade transcultural: "Cultures are giving way to transcultures, and cultural diversity is increasingly a transnational matter. For many people now, the national cultural space is too circumscribed, and they express the wish to participate in different cultural spaces within (and beyond) Europe" (2008: 251).

É nestas apreciacións onde localizamos ecos que reclaman unha política cultural transnacional —con ámbitos de xestión que traspasan os territorios estatais—, van construíndo un novo paradigma e canda el unha potencial esfera pública transnacional na que se insire un modo diferente de pensarmos o proxecto lusófono, tamén máis aló de razóns exclusivamente comerciais. Porque son vastos os indicadores que animan a pensar a lusofonía como un novo suxeito histórico que se define pola interculturalidade, a diversidade interna e, nomeadamente, por un elemento-chave: a comunicación de coñecemento e de producción simbólica e a súa posta en circulación como peza de aprendizaxe para unha cidadanía múltiple a diversa.

Remarcando a centralidade do diálogo intercultual, tamén a profesora da Universidade de Porto e antiga Ministra de Cultura do Goberno portugués (2005-2008) Isabel Pires de Lima, na fin dunha conferencia que na sede do Consello da Cultura Galega o 17 de xuño de 2010, para alén de ver na cultura un lugar político, onde se desenvolven "ideas e movimentos que mudam as sociedades"; social, "porque é na Cultura onde os povos encontram a súa identidade" e mais económico, referíndoa coa fonte criadora da innovación, insistía na función da cultura non só para coñecer senón para interpretar e desvendar os códigos de comunicación do Outro facendo del un interlocutor. "A diplomacia reconhece-o", engadía, "e faz hoje da Cultura um dos máis activos pilares da política externa. Este é um outro espaço de oportunidades da cultura, que ja abertamente se designa por diplomacia cultural".

Unha preocupación que agromou tamén nun outro lugar de múltiples pertenzas. Referímonos á Unesco e ás preocupacións que manifestan nas recomendacións con que conclúe o último *Report on Cultural Diversity* e que van dende a creación dun observatorio que avalíe as repercusións da mundialización sobre a diversidade, o apoio a redes e iniciativas de diálogo intercultural, así como a creación de espazos reais e virtuais con medios que facilite na interacción cultural, así como o fomento da "sensibilidade cultural" na produción e consumo dos contidos da comunicación, e até a aplicación de políticas lingüísticas nacionais para salvagardar a diversidade lingüística. Neste senso queremos facer un pequeno exercicio de memoria:

> The General Assembly this afternoon, recognizing that genuine multilingualism promotes unity in diversity and

international understanding, proclaimed 2008 the International Year of Languages.

Como antecedente a este xiro na linguaxe, no modo de pensar e no estilo a través do que Nacións Unidas lle recoñece ás linguas a súa función no só como resultado dun vínculo social e cultural senón como operadoras da diversidade e a esta un rol de construtora da comprensión internacional, temos de nos fixar no preámbulo da Declaración de Dereitos Lingüísticos da Unesco (Barcelona, 1996) e da súa insistencia en que a crecente mundialización da economía afecta directamente ao mundo da comunicación e da cultura e inflúe nas formas de interacción que garanten a cohesión das distintas comunidades lingüísticas ao tempo que advirte das ameazas que se cernen sobre estas mesmas comunidades que, con demografía limitada ou dispersa, sen autogoberno, sometidas á precariedade económica, van ver diminuída a súa capacidade para exercer o dereito á comunicación nunha sociedade mundializada.

Dez anos despois a diagnose confírmase e conduce a declarar 2008 "Ano internacional das linguas" para alertarnos do que supón a perda da diversidade. En medio desta situación latexa certa confianza en conseguir outro xiro, o do uso social das tecnoloxías, para desenvolver redes que contribúan á consolidación de novos fluxos comunicativos e cheguen a engarzar o cultural, o identitario e o económico nunha mesma engrenaxe que sexa, á vez, partícipe da tal sociedade do coñecemento/recoñecemento.

Falamos diferente. As relações entre nossas línguas formam um intrincado quadro de distinções e transformações. E essa é nossa realidade linguística atual. Não há uma unidade homogênea que se possa chamar de lusofonia. Ela pode ser o pretexto para nos compreendermos em nossas singularidades. Ao invés de trabalharmos um imaginário de unidade linguística que é herança da colonização, elaboremos nossas diferenças concretas no sentido de enriquecermos nossas relações.

Tomamos esta suxerente cita do percurso xenealóxico que realizou o profesor Faraco no texto presentado no I Simposio Internacional Ecolingua, na cidade de Vigo (Galiza), no que analiza as razóns da minguada proxección internacional da Lusofonía en base aos dilemas e contradiccións que a súa reactualización representa, e no que o profesor de Língua Portuguesa da Universidade Federal do Paraná avoga por crebar os límites que outrora impuxeran fronteiras políticas, nunha feliz denominación da lusofonía como multicéntrica e heteroxénea que, citamos, "deve incluir todas as comunidades linguístico-culturais saídas do antigo núcleo românico galego-português. E aqui estão incluídos a Galiza, os oito países que têm a língua portuguesa como língua oficial, a Região Administrativa Especial de Macau (parte integrante da República Popular da China desde 1999), as comunidades remanescentes do colonialismo português na rota da Ásia, como em Goa (Índia) e Malaca (na Malásia) que preservam populações lusófonas, as comunidades de antiga ocupação portuguesa como no norte do Uruguai, as comunidades de imigrantes galegos, portugueses, brasileiros, africanos e asiáticos (a chamada "diáspora lusófona") que está expressivamente em vários lugares do mundo".

Tal e como acontece con outros autores, ao falar deste concepto, o de Lusofonía, e desa certa distancia que a día de hoxe a súa posta en valor recomenda, aparece como pano de fondo o filósofo Eduardo Lourenço (1999: 124) quen, após argumentar que nada se pode designar como cultura ou comunidade lusófona, albisca como posibilidade "o que resulta do imaginar que esse amplo manto de uma lingua común, referente de culturas afins ou diversas, é, apesar ou por causa da sua variedade, aquele espaço ideal onde se comunicam e se reconhecem na sua particularidade partilhada todos quantos os acasos da história aproximou".

Semella, pois, necesario, repasar as posicións de diferentes lingüistas, a comenzar pola do propio profesor Faraco: "o galego pode cumprir un papel importante na 'lusofonía', na medida en que contribúa a construír unha nova concepción dese termo, máis democrática, decididamente policéntrica, horizontal, polifónica e centrífuga" (2009: 4). Esta consideración do profesor da Universidade Federal Fluminense Xoán Lagares deriva dunha cumprida reflexión ao redor dun devalo histórico marcado pola perda de visibilidade do galego, "o máis antigo romance peninsular", tal e como escribe o profesor da Universidade de Amsterdam, Fernando Venâncio nunha súa proposta de dominante práctica "un maior contacto dos galegos com o idioma do Brasil e de Portugal (em livros, audiovisual, música, filmes e, claro, o convívio interpessoal)" (2010: 104). En razón da perda do poder político da Galiza, do estabelecemento de fronteiras —e o papel destas nos centros normativos— máis o que o devandito supón na representación simbólica das linguas, na distorsión dos propios estudos lingüísticos e na determinación sobre o imaxinario —en como nos vemos a nós mesmos, en como nos damos a ver aos outros— o resultado foi a minorización da lingua na Galiza "e a virtual inexistencia do galego para a maioría dos falantes de portugués non son fenómenos diferentes, senón dúas dimensións do mesmo fenómeno", expón o profesor Lagares, para deseguido poñer en valor as correntes críticas e as novas visións que no Brasil mudaron as entradas no amplo eido da lingüística e que trouxeron para o mundo académico un proceso de redescuberta do galego.

E dende unha das voces máis autorizadas de Portugal, o profesor da Universidade de Lisboa, Ivo Castro, é quen en referencia ás orixes do portugués explicita: "Non naceu, como pensaban Alexandre Herculano e Leite de Vasconcelos, no centro de Portugal; non é unha lingua que descende do latín dos lusitanos, senón dos galegos. Por iso é xusto darlle como berce simbólico Santiago de Compostela", fai unha viaxe crítica pola lusofonía como concepto, concluíndo, tamén con Eduardo Lourenço, que o real é "uma comunidade que tem como único elo incontornável a língua" (1999: 171).

A académica galega e directora do ILGA, profesora Rosario Álvarez Blanco, en diálogo co devandito, situándose "na única lusofonía aceptable para que Galicia e o galego poidan ser parceiros: a que integre e respecte identidades, a que asuma como algo natural a diversidade lingüística e cultural, a que valore positivamente o capital da diferenza", remata por se preguntar: existe? Supoñamos que si ou que se pode construír, pois mesmo así non son poucos os problemas que se nos presentan.

Máis aló dun certo pesimismo cordial que esvae das análises que fai a profesora Álvarez Blanco, talvez sexa o momento para que os estudos de comunicación tomen o testemuño, coa(s) lingua(s) como elo e como constituíntes da cultura a través do libro, do xornal, dos produtos para a rede, das cancións, dos filmes..., para un ensaio xeral deste multicéntrico espazo-proxecto onde poden vir ao caso modos de pensar coma o que recollemos dende Akhil Gupta e James Ferguson (1997: 33-51):

> [But] if we question a pre-given world of separate and discrete "peoples and cultures", and see instead a difference-producing set of relations. We turn from a project of juxtaposing preexisting differences to one of exploring the construction of differences in historical process.

A cultura galega, o marco concreto de pertenza destas reflexións, é a cultura como constitutiva do espazo público, dese lugar político onde nos representamos como suxeito colectivo e cidadán, alí onde a igualdade é un principio ontolóxico. Coma calquera construción social na historia, é un palimpsesto pois que está feita de síntomas, de crebas, de negacións (o decreto de 'doma e castración do Reino de Galicia') e dende mediados do século XIX, na estela dos principios da soberanía popular, do

que se coñece como Renacenza. Neste senso, e dende as orixes, un dos elementos que a singularizan e a simbolizan, da celebración á resistencia e até os programas de normalización, é a lingua galega.

Poisque escribimos, cantamos, facemos filmes, obxectualizo a acción comunicativa intercultural no intercambio de bens co que nos expresamos e que nos expresan como sociedades diversas. O obxectivo visíbel pasará, pois, por dármonos a coñecer a través de produtos de comunicación na área lusófona ao mesmo tempo que se intervén en dotala de senso e en adquirirmos conciencia de que, queirámolo ou non, estamos inmersos no devalo dunha variante moi significativa no proceso de mundialización no que, en palabras de Germán Rey, profesor da Universidade Javeriana de Bogotá, e experto en políticas culturais, "la comunicación es a la vez estímulo pero también 'lugar' de la construcción de sociedades-mundo".

Asumindo a función comunicativa da linguaxe como basilar, nós entendemos o seu valor identitario en conxunción cun hipotético incremento tanto da circulación e consumo de produtos culturais que unha lingua común poderá promover nunha comunidade multicultural, a da lusofonía, mesmo se considerarmos o paradoxo de que arestora carecemos de indicadores para avaliar os devanditos valores.

Así, este espazo multicéntrico e heteroxéneo, o da lusofonía, é o escenario no que foi alentando, no marco teórico dos estudos de recepción, o proxecto de pesquisa *on line*, "Lusofonía, interactividade e interculturalidade"[1] do cal imos partillar as conclusións. Chamamos a atención dos seguintes aspectos: 1) na devandita investigación converxeron aspectos empíricos e discursivos derivados do estudo comparativo da recepción dunha mostra en lingua galega representativa do cinema e de produtos para televisión, 2) a mostra componse de pezas en diferentes formatos e segundo variábeis temáticas e expresivas, 3) a análise lévase adiante cunha audiencia-tipo integrada por grupos de estudantes de comunicación en Portugal, Guiné Bissau e Brasil. Ao tempo, o proxecto foise constituíndo como unha experiencia interactiva entre investigadores das universidades de Santiago de Compostela (Galiza), Beira Interior (Portugal), Lusófona (Guiné Bissau), Rio Grande do Sul e Bahia (Brasil).

A partir da consideración da lingua, para alén da súa función comunicativa, coma un vector de identidade, un vector que ao seu valor de uso podería xuntar un hipotético valor de cambio e favorecer a circulación e o consumo de produtos da industria da cultura, e tendo en conta as mudanzas que a dixitalización e a sociedade-rede lle confire aos modos de consumos culturais, o proxecto tivo como obxectivo localizar e discernir as barreiras á circulación de bens culturais dende a produción en lingua galega como caso.

A nivel operativo, o traballo articulouse a redor dunha plataforma cun programa ideado para este fin específico, un programa que permitise a interacción dos usuarios cos materiais, coas mostras organizadas segundo categorías de análise e dos participantes das catro universidades cos de Santiago de Compostela para, lembramos outra volta, o estudo das barreiras —non só lingüísticas como antropolóxico-culturais e aquelas derivadas das políticas de comunicación— que frean a accesibilidade e o intercambio entre a produción cultural na área xeo-lingüística da lusofonía

O obxectivo de facer Galiza visíbel nesa identidade multicultural pasa pola contorna, pola idea do próximo, e polos medios de comunicación. O devandito require a produción e distribución de mensaxes e bens que resulten atraentes para outros integrantes desa comunidade. A partir do estudo de recepción obsérvase que é a *Paz* un dos valores centrais cos que se identificaron os

1. Proxecto realizado no marco do programa INCITE (2008-2011) da Consellería de Innovación e Industria-Xunta de Galicia.

participantes, ademais de detectar como preocupación social o deterioro medioambiental e as eivas no sistema educativo.

En canto aos bens cinematográficos de consumo preferente na área lusófona cómpre salientar a convivencia de produtos que teñen a súa orixe no mercado anglosaxón con producións nacionais. Neste senso, resultaría de grande interese conseguir ampliar a marca "nacional" cara a unha marca multi-nacional, de maneira que nela tivese cabida calquera produción do espazo lusófono, é dicir, cara a un eido xeo-lingüístico, non só no relativo ás películas senón tamén para os espazos televisivos. Exemplos deste tipo de experiencias de colaboración plurinacional noutros ámbitos da produción cultural, como son, no eido musical, as experiencias de "Cantos na Maré" ou "Cores do Atlántico", corroboran esta tendencia.

Se unha das características da comunidade lusófona é a súa gran dispersión xeográfica, que inclúe comunidades en catro dos cinco continentes, e se isto crea dificultades tocante á accesibilidade a contidos audiovisuais, tamén é certo que a Internet pode servir como plataforma de difusión e como punto de contacto cos ditos contidos. Tendo isto de parte, un aspecto a abordar é, precisamente, o deseño e creación de produtos para a Rede, pois que os indicios da boa receptividade que, por parte dos colectivos que participaron na pesquisa, acadaron as mostras de filmes e pezas audiovisuais en lingua galega, poden xeneralizarse para amplos sectores sociais, de accederen estes á información e á demostración/visión da produción cinematográfica e audiovisual.

Outras liñas de actuación que axudarían a romper as barreiras de circulación dos produtos culturais dentro da comunidade lusófona teñen a ver co subtitulado dos produtos audiovisuais (ou tradución, no caso dalgunhas obras escollidas) para facilitar unha correcta comprensión do audiovisual galego na Lusofonía, a procura dunha xanela estábel para produtos televisivos para alén de incentivar os festivais cinematográficos e a presenza nas salas.

Antes de máis salientar a extrapolación dun "konstructor-modelo" constituído por un grupo de clase media, urbana e con formación universitaria, e canda el discernir unha serie de dominantes a respecto dos consumos culturais, a apertura ao outro, a sensibilidade para a diversidade lingüística e a posibilidade para artellar novos espazos de intercambio.

Unha das principais recomendacións que devalan dos resultados da pesquisa é que a visibilidade da produción cultural en lingua galega pasa por establecer *programas* concretos, a curto e medio prazo, coa *lingua* como elo de unión. Estes programas poden coller corpo en *mostras*, *ciclos* e *lugares* e dárense a coñecer a través da Rede e dos medios de comunicación convencionais, podendo servir tamén como instrumento de diplomacia cultural.

Tocante ao ámbito institucional, é fundamental estabelecer *lugares para a visibilidade* da produción cinematográfica e audiovisual en lingua galega, tales como a creación dun posible 'Instituto Rosalía' en cidades como Bahia, São Paulo, Porto ou Luanda; acordos de programas culturais bilaterais, incluídas as televisións públicas ou a presenza estábel en festivais e mercados.

Pero até chegarmos acó houbo diferentes momentos de crise, singularmente que teñen a ver coas conclusións provisorias, cando a pesquisa levaba medio camiño andado e analizamos catro seccións do cuestionario realizado aos alumnos e que trataban os seguintes puntos:

> Sobre o *concepto de Lusofonía*: coñecía ou empregaba o concepto Lusofonía? Mudou a súa concepción ao participar na pesquisa? E nalgúns casos afondouse no papel que crían que Galiza podía xogar nese contexto.
>
> Problemas de *comprensión lingüística*: en cal mostra/s tivo máis e menos atrancos e en que consistiron estes problemas.
>
> *Preferencias* como espectadores: que mostras gustaron máis e cales menos.
>
> Necesidade dos *subtítulos*, para presentar os produtos audiovisuais achegados ao público dos países respectivos.

Como conclusión (provisoria) emerxía o descoñecemento total do termo e do significado *Lusofonía* nos grupos de Brasil; para Guiné Bissau a óptica dominante era a da desconfianza —que relacionamos coa memoria colonial—, e no caso portugués o termo coñecíase, aíndan que resultaba difícil unha definición e non se consideraba a Galiza parte dela. Canto ao interese por coñecer produción das diferentes culturas da área, o resultado é positivo en todos os casos e de maneira singular, a respecto de Galiza, por parte dos grupos de Brasil que "nin saben situala no mapa". Tamén acordou o noso interese o grao de familiaridade cultural coas mostras visionadas (medio-alto) así como o das dificultades para a comprensión lingüística con dominante en aspectos vocabulares, de velocidade da fala e en menor medida fonéticas, recomendado o uso de subtítulos ou dobraxe.

Termando dos resultados da devandita pesquisa, dar a ver trouxo canda si a descuberta dun próximo-lonxano, neste caso o galego e Galiza; a partilla non problemática de variacións lingüísticas, e o interese por todo o que contén ese espazo alargado e diverso que algures chamamos lusofonía. Secomasí, o que está a acontecer, desde o noso punto de vista, é a configuración dun modelo posíbel para este novo suxeito histórico, o espazo lusófono, onde lingua, códigos culturais e produción de bens para nos comunicar levan canda si un vector identitario, operador e resultado de experiencias históricas diversas, que na súa mesma dispersión problematiza a non existencia dunha esfera pública transnacional. Porque a "esfera pública" apenas si é "pública" —argumentan Gupta e Fergunson— en termos de control sobre as representacións que circulan nela", e advirten do perigo de utilizar a irrupción en escena de fluxos culturais dende a periferia para encubrir "as poderosas implicacións políticas que veñen asociadas coa hexemonía global de Occidente" (1997: 15).

Mentres redactaba este texto, e mentres ía facéndome consciente da súa fasquía inacabada, da súa función como peza de aprendizaxe brechtiana, un pensamento rondou sempre pola miña cabeza, esa inquedante estrañeza freudiana de que falas de ti propia-outra. Achegándome á fin, ao revisar ese texto seminal "Beyond 'Culture'", co que quero rematar, localicei nel o convite a explorar a diferenza cultural, precisamente no máis familiar, convite que en *Emergences* nos fixera Homi Bhabha advertindo que é nesa zona liminal onde "o problema da diferenza nos confronta con nós mesmos en tanto 'outros' e cos 'outros' que forman parte dese 'nós'" . É nesa zona liminal onde investigadores e investigadoras galegas situamos a Lusofonía.

Longa vida aos novos espazos ▮

Bibliografía

Anderson, Benedict (1983). *Imagined Communities*, London, Verso.

Benoist, Jean-Marie (1987). "Facettes de l'identité", en *L'identité. Séminaire dirigé par Claude Lévi-Strauss*, Paris, Press Universitaires de France, pp. 13-23.

Berger, Peter L. e Luckmann, Thomas (1997). *Modernidad, pluralismo y crisis de sentido. La orientación del hombre moderno*, Barcelona, Paidós.

Castells, Manuel (1998). *La era de la información. Economía, sociedad y cultura, II: El poder de la identidad*, Madrid, Alianza.

Díaz-Polanco, Héctor (2009). "Tesis sobre diversidad, identidad y globalización", Seminario interdisciplinar "O(s) sentido(s) das Cultura(s)", Ramón Máiz (coord.), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Dufoix, Stéphane (2003). *Les diasporas*, Paris, Que-sais-je, PUF.

Faraco, Carlos Alberto, "A encruzilhada da lusofonia", I Simposio internacional Ecolingua, IGEA-Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos, Vigo-Galiza, 17-19 de decembro de 2009.

García Canclini, Néstor (1999). *La globalización imaginada*, Buenos Aires, Paidós.

— "Sociedad de la información, del conocimiento y del reconocimiento". Conferencia inaugural do Congreso de la Asociación Española de Investigación en Comunicación, AE-IC, "Investigar la comunicación", Universidade de Santiago de Compostela, Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación, 30 de xaneiro de 2008.

Gilroy, Paul (1991). "There Ain't No Black in the Union Jack", *The Cultural Politics of Race and Nation*, Chicago, The University of Chicago Press, Chicago, 1991.

Gupta, Akhil e Fergunson, James (1997). "Beyond 'Culture': Space, Identity and the Politics of Difference", en Akhil Gupta & James Fergunson (eds.), *Culture, Power, Place, Explorations in Critical Anthropology*. Durham and London, Duke University Press.

Lagares, Xoán Carlos (2010). "O galego desde a perspectiva internacional", Seminario internacional "A situación do galego", Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2010.

Ledo Andión, Margarita (2010). "La variante lusófona", en Del Valle Rojas, C.; Moreno Gálvez, F. J. e Sierra Caballero, F. (eds.). *Iberoamérica en la Sociedad de la Información*, Barcelona, Gedhisa.

— (2010) "O(s) sentido(s) da relación Galiza-Países lusófonos", en Alvares, C. e Damásio, M. J. (eds.). *Teorias e práticas dos media: situando o local no global*, Lisboa, Edições Universitárias Lusófonas.

Lourenço, Eduardo (1999). *A nau de Ícaro*, Lisboa, Gradiva.

Mattelart, Tristan (2007). "Médias, migrations et théories de la transnationalisation", en *Médias, migrations et cultures transnationales*, Bruxelles, Du Boeck Université, Mattelart, Tristan (Direction).

Orlandi, Eni (2009). "Processo de descolonizaçao linguïstica: as representações da lingua nacional", en *Africa-Brasil: caminhos da lingua portuguesa*, Galves, C.; Garmes, H. e Ribeiro, F. R. (org.), Editora da Unicamp, Campinas.

Pires de Lima, Isabel (2010). "A cultura e o novo mundo novo", en Seminario Interdisciplinar "O(s) sentidos(s) das cultura(s)", Ramón Máiz (coord.), CCG, 17-VI-2010.

Robins, Kevin (2008). "The Challenge of Transcultural Diversities", en *Revista CIDOB d'Afers Internacionals* 82-83, 245-252, setembro.

Rey, Germán (2011). "Las políticas comunicativas de nueva generación y sus efectos", en Campos Freire, F. (ed.) *El nuevo escenario mediático*, Sevilla, Comunicación Social.

Rodrigo Alsina, Miquel (2000) *Identitats i Comunicació intercultural*, València, edicións 3 e 4.

Tresserras, Joan Manuel (1999). "El capitalismo reestructurat: l'era de la informació segons Manuel Castells", en *L'Espill* 3, pp. 147-171, València.